

PREGUNTA DE AER SOBRE A CASA DO CONSERXE DO COLEXIO DE CESANTES

PLENO 01 DECEMBRO 2016. ACTA 0021/2016

Tendo coñecemento das demandas da familia residente na casa do conserxe do colexio Outeiro da Penas sobre o mal estado da cuberta da mesma, demandas que o noso grupo trasladou tanto oralmente como por escrito ao equipo do goberno.

Tendo coñecemento do informe da aparelladora municipal de data 09/11/2016 onde describe o mal estado da cuberta de fibrocemento da vivenda: material antigo; elementos parcialmente rotos, deteriorados e mal ancorados. Sinalando tamén o mal estado da cuberta do patio.

Tendo en conta que esta vivenda é un ben municipal tal como consta no inventario (orden IMB57) e debeu incluírse o cambio de cuberta co cambio de cuberta do colexio para evitar así o deterioro deste ben municipal.

Tendo coñecemento da resposta da valedora do pobo á demanda da familia, con data 14/11/2016, onde dan o prazo dun mes para que o Concello tome medidas para a reparación do tellado.

Por todo isto preguntamos:

Que medidas tomaron ou van tomar para solucionar o problema da cuberta desta casa de propiedade municipal?

Resposta: *Están mirando unha solución pero necesitan realizar o procedemento administrativo para facer esa reparación.*